

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 11 de marzo de 2015 (Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo), e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar en que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos citados procedementos selectivos.

En cumprimento do sinalado na base sétima da Orde do 11 de marzo de 2015 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de marzo), pola que se convocaban os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia no anexo desta resolución.

Segundo. Indicar a data, a hora e o lugar en que se realizará a citada proba:

Data: 13 de xuño de 2015.

Hora: ás 10.00 horas.

Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo, 5, Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, que terán dereito a percibir as axudas e gastos de viaxe de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decre-



to 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo), e deberá entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

590053-Lingua e literatura galega		
Tribunal único		
Titulares		
Posto	NIF	Nome
Presidente/a titular	33783681Q	González Moreiras, Jesús Pablo
Vogal titular 1	35552421X	Díaz Pérez, Evaristo
Vogal titular 2	76367792H	García García, María Xosé
Vogal titular 3	33306519N	Rodríguez Rivas, Xoán Xosé
Vogal titular 4	33290475E	Blanco Arca, Natalia
Suplentes		
Posto	NIF	Nome
Presidente/a suplente	34720883Z	Caseiro Nogueiras, Delfín
Vogal suplente 1	76357407Y	Garrido Vilariño, Xoán Manuel
Vogal suplente 2	33318493A	Otero Souto, María Rosario
Vogal suplente 3	33824502N	Valcárcel López, Jesús Manuel
Vogal suplente 4	35443162R	Fernández Rivas, María Xosé

